



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a dotación de elementos de seguridad vial en el nuevo viaducto de Castiñeiras en el Concello de Valga.**

En junio de 2023, ADIF anunció que procedería a la supresión de dos pasos a nivel en la línea ferroviaria Vilagarcía de Arousa - Bifurcación Angueira, a su paso por el municipio de Valga, como consecuencia del convenio firmado entre la entidad ferroviaria y el ayuntamiento de Valga. Para facilitar cruzar la vía, agregó que construirá un paso elevado sobre la vía del tren, así como dos vías paralelas a la vía en ese punto.

Los pasos a nivel eliminados corresponden a los puntos kilométricos 64/110 y 65/212 de la línea Vilagarcía de Arousa - Bif. Angueira y corresponden a las intersecciones con las carreteras de Carracido y Castiñeiras-Carballa, ambas de titularidad municipal.

La actuación ha contado con una inversión de 3,8 millones, y Adif ha sido el encargado de ejecutar las obras y el ayuntamiento el encargado de asumir el coste de expropiación de los terrenos necesarios, así como el mantenimiento y conservación de los elementos edificados.

Si bien, la actuación, a priori, permite mejorar la seguridad en el cruce de la vía férrea, tanto para peatones como para el tráfico rodado, una vez finalizadas las obras, las quejas de los vecinos se multiplicaron porque el nuevo puente de Castiñeiras no estaba dotado de aceras.

Sorprende que el nuevo viaducto carezca de un paso peatonal seguro, pese a que el propio Adif destacó que uno de los objetivos de la obra era la seguridad de los peatones. Sin embargo, su ausencia añade un nuevo riesgo para los peatones que se ven obligados a cruzar el puente sin las medidas de seguridad adecuadas.

El viaducto de Castiñeiras cuenta con dos carriles de 3 metros de ancho, bordillos de 0,50 metros y valla antivandálica, cuando el proyecto establecía: “A lo largo de los bordillos exteriores se disponen franjas de 1,80 m en las que se instalan un solera, la acera, una barandilla y la valla antivandálica.”



En definitiva, Adif construyó una infraestructura diseñada únicamente para vehículos, que excluye elementos de seguridad para peatones en una zona con vías muy utilizadas por los vecinos en su día a día y próximas a áreas recreativas.

La obra ha supuesto una importante inversión y además debe integrar los elementos necesarios para la seguridad de las personas que cruzan la calzada a pie, por lo que Adif deberá subsanar esta actuación para dotarla de aceras y pasos de peatones adecuados que den garantías a los vecinos en el uso del viaducto.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cómo se explica que la actuación de eliminación de los dos pasos a nivel de la línea férrea Vilagarcía de Arousa-Bifurcación Angueira en el municipio de Valga no incluya aceras y pasos de peatones en el viaducto de Castiñeiras para cumplir el objetivo destacado por Adif de incrementar la seguridad peatonal?
2. ¿Ha revisado Adif esta actuación que dejaba a los peatones sin elementos de seguridad vial para cruzar la vía por el nuevo puente sin riesgo?
3. ¿Sabe usted que el viaducto de Castiñeiras no dispone de aceras a pesar de que estaban incluidas en el proyecto y que, por tanto, Adif no cumplió con el objetivo de incrementar la seguridad y accesibilidad de los peatones?
4. ¿Corregirá Adif su actuación y dotará el puente de Castiñeiras de aceras y un paso de peatones adecuado?

Madrid, a 15 de septiembre de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

15 SEP. 2025 17:47:57

Entrada **79847**

Pregunta sobre a incorporación por Adif de beirarrúas na Ponte de Castiñeiras en Valga

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita sobre a dotación de elementos de seguranza viaria no novo viaduto de Castiñeiras no Concello de Valga.**

En xuño de 2023, ADIF anunciaba que procedería á supresión de dous pasos a nivel na liña férrea Vilagarcía de Arousa – Bifurcación Angueira, ao seu paso polo termo municipal de Valga, como consecuencia do Convenio asinado entre o ente ferroviario e o concello de Valga. Para facilitar o cruzamento da vía, engadía que construíría un paso superior sobre a vía de ferrocarril, así como dúas vías paralelas ao camiño de ferro nese punto.

Os pasos a nivel eliminados corresponden aos puntos quilométricos 64/110 e 65/212 da liña Vilagarcía de Arousa – Bif. Angueira e corresponden aos cruzamentos cos camiños de Carracido e de Castiñeiras-Carballa, ambos de titularidade municipal.

A actuación contaba cun investimento de 3,8 millóns, correspondéndolle a Adif a execución das obras e ao concello a asunción do custo da expropiación dos terreos necesarios, así como o mantemento e conservación dos elementos construídos.

Aínda que, a actuación, a priori, permite mellorar a seguranza para o cruzamento da vía férrea, tanto para peóns como para o tráfico rodado, unha vez acabadas as obras multiplicáronse as queixas dos veciños e veciñas pois a nova ponte de Castiñeiras non foi dotada de beirarrúas.



Resulta sorprendente que o novo viaduto careza de paso seguro para o tránsito de persoas a pé, a pesar de que a propia Adif destacase que un dos obxectivos da obra era a seguraza dos peóns. Porén, a súa falta suma un novo risco para as e os viandantes que se ven obrigados a circular pola ponte sen as debidas medidas de seguraza.

O viaduto de Castiñeiras conta con dous carrís de 3 metros de ancho, beiravías de 0,50 metros e un valado antivandálico cando no proxecto establecíase: “Pegadas ás beiravías exteriores dispóñense bandas de 1,80 m nas que se instala un peitoril, a beirarrúa, unha varanda e o valo antivandálico”.

En definitiva, Adif construíu unha infraestrutura pensada unicamente para os vehículos, que exclúe os elementos de seguraza para peóns nunha área con camiños moi utilizados pola veciñanza na súa rutina diaria e próxima a zonas de espaxemento.

A obra supuxo un investimento importante e debe integrar, tamén, os elementos necesarios para a seguraza das persoas que atravesan a vía a pé, por tanto, Adif debe corrixir esta actuación para dotala das beirarrúas adecuadas e de pasos peonís que dean garantías aos veciños e veciñas á hora de utilizar o viaduto.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Como se explica que a actuación para a supresión dos dous pasos a nivel na liña férrea Vilagarcía de Arousa-Bifurcación Angueira no concello de Valga non incluíse beirarrúas e pasos peonís no viaduto de Castiñeiras para cumprir co obxectivo remarcado por Adif de aumentar a seguraza dos peóns?
2. Revisou Adif esta actuación que deixou aos viandantes sen elementos de seguraza viaria para atravesar a vía férrea mediante a nova ponte sen risco?



3. É consciente de que o viaduto de Castiñeiras non conta con beirarrúas a pesar de que estaban contempladas no proxecto e que, por tanto, Adif non cumpriu co obxectivo de aumentar a seguranza e a accesibilidade para as e os viandantes?
4. Corrixirá Adif a actuación e dotará a ponte de Castiñeiras de beirarrúas e un paso de peóns adecuado?

Madrid, a 15 de setembro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso